

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2021 pola que se modifica a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III) (códigos de procedemento IN421Q e IN421R).

O 5 de agosto de 2021, a Axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III) (códigos de procedemento IN421Q e IN421R) aprobado polo Real decreto 266/2021, do 13 de abril.

No primeiro parágrafo do artigo 3 da Resolución do 26 de xullo denominado «beneficiarios», establecíase o seguinte:

«Serán beneficiarios os suxeitos que se enumeran no artigo 11.1 das bases reguladoras sempre que teñan a súa residencia fiscal ou un establecemento permanente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (para o Programa de incentivos 2 considerárase que se cumpre este requisito se a actuación subvencionada se desenvolve no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia). En concreto, os seguintes: (...) 2º. As persoas físicas maiores de idade, coa excepción dos casos de discapacidade, que poderán ser menores de idade, con residencia fiscal en España e non incluídas no anterior punto. (...)».

Ás 9.00 horas do día 13 de setembro iniciouse o prazo para a presentación de solicitudes, o que deu lugar a numerosas consultas relativas ás bases e á convocatoria, entre as que se repetiron as referentes aos posibles suxeitos beneficiarios das axudas.

Na actualidade existe dispoñibilidade orzamentaria suficiente para atender todas as solicitudes do Programa de incentivos 1. O procedemento de concesión é de concorrencia non competitiva (artigo 19.2 da Lei de subvencións de Galicia), polo que as solicitudes se asignan por orde de entrada, o que non supón ningún prexuízo para terceiros. En consecuencia, de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro,



polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o número 1 do artigo 3 da Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III) (códigos de procedemento IN421Q e IN421R), que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para o Programa de incentivos 1 serán beneficiarios os suxeitos que se enumeran no artigo 11.1 das bases reguladoras sempre que teñan a súa residencia fiscal ou un establecemento permanente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben adquiren o vehículo nun concesionario ou punto de venda situado en Galicia. Para o Programa de incentivos 2 serán beneficiarios os suxeitos que se enumeran no artigo 11.1 das bases reguladoras cando a actuación subvencionada se desenvolva no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia».

Segundo. Esta modificación entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, con efectos a partir do 10 de abril de 2021.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

